

# CONCELLO PLENO

## ACTA DE SESIÓN

**ORGANO:** CONCELLO PLENO  
**ACTA NUMERO:** 2008/11  
**CARACTER:** EXTRAORDINARIA E URXENTE  
**CONVOCATORIA:** Primeira.  
**DATA:** 20 de outubro de 2008

---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas do día **20 de outubro de 2008** reuniúse o Pleno do Concello en sesión convocado ao efecto con carácter EXTRAORDINARIO E URXENTE, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando SUAREZ BARCIA e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

**Presidente:**

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

**Concelleiros presentes na sesión:**

**Polo Grupo do B.N.G.**

D. Vicente Castro Reigosa  
Dona Mari Luz Alvarez Lastra  
(incorpórase unha vez iniciada a sesión)  
D.Horacio Cupeiro Rodriguez

**Polo Grupo do P.P.**

D.José Carlos Rodríguez Andina  
D. José Duarte Díaz  
Dona Begoña Sanjurjo Santar

D. Jesús López Penabad

**Polo Grupo do PSG-PSOE**

D.Balbino Pérez Vacas  
D. Ramón López Pérez  
**Polo Grupo de U.P.R.I.**  
D. Francisco Rivas Álvarez  
Agustín Reymondez Gancedo.

**Concelleiros ausentes:**

Dona María José Rodríguez Arca (PSOE)  
xustifica a ausencia.

**Secretario:**

D. Manuel Díaz Sánchez.

**Interventora:**

Dona Olalla Alvarez de Neyra Martínez.

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ó estudio dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria, previa citación e por riguroso orde.

**2008/01/71.-RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA PRESENTE CONVOCATORIA QUE VEN DADA POLA NECESIDADE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS E REMISIÓN DOUTROS, NO SEU CASO, ÁS ADMINISTRACIÓNS COMPETENTES.**

Dase conta pola Alcaldía da necesidade da celebración do Pleno, segundo a natureza dos asuntos que figuran na convocatoria, e sen promoverse máis debate, polo Pleno municipal, de conformidade co disposto no artigo 79 do Real Decreto 2568/1986 de Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, e os efectos do pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión, por unanimidade, en votación ordinaria acórdase a apreciación da urxencia e a subseguinte celebración da mesma.

**2008/02/72.- PETICIÓN DE DON BALBINO PÉREZ VACAS DE REVISIÓN DE OFICIO DE ACORDO PLENARIO DE 24 DE ABRIL DE 2007.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de 17 de outubro de 2008 que se transcribe de seguido:

“Por parte do Sr.Alcalde se manifesta en primeiro lugar que houbo un escrito do Sr. Pérez Vacas en xuño de 2008, un escrito de reiteración recentemente, hai un informe de Secretaría e unha proposta da Alcaldía.

Por parte do Sr.Pérez Vacas, do PSOE, se pregunta ao Secretario da Corporación se pode intervir tanto nesta Comisión como no Pleno municipal, polo “run run” que ten oído.

Por Secretaría se lle pregunta porque se formula a cuestión sinalándose polo Sr.Pérez Vacas que pola validez tanto agora do seu voto como no Pleno.

Por Secretaría se contesta que considera que evidentemente sí, do mesmo modo que votou a favor do seu soldo cando o propuxo e votou en contra de que llo quitaran e que os Concelleiros votan a favor das súas axudas de custo e que cando é por razón do cargo é que se pode votar ou non, pero non é unha cuestión persoal e entende que ten dereito a intervir e votar do mesmo xeito que un Alcalde o día da Moción de censura vota en contra de que o boten do cargo.

Toda vez que polo Sr.Alcalde se fai mención aos escritos do Sr.Pérez Vacas e a que existe un informe de Secretaría e unha proposta da Alcaldía que entende que o Sr.Pérez Vacas como peticionario vai intervir.

Intervén o Sr. López Pérez, do Grupo Municipal Socialista, que dí que vai actuar como portavoz, pero pide que conste en acta a súa intervención, xa que así estaba previsto, por se non podía intervir o Sr.Pérez Vacas, e anuncia que van votar a favor da petición do Sr.Pérez Vacas, e manifesta que é por catro razóns: a primeira que van votar a favor do que pide o Sr.Pérez Vacas, porque o informe de Secretaría non deixa lugar a dúbida, lendo un párrafo do mesmo sobre a posible nulidade de pleno dereito do acordo adoptado; en segundo lugar porque foi un acordo adoptado coa colaboración dun tráfuga que coincidirá o Sr.Alcalde que en política, como mínimo non é decoroso. En terceiro lugar porque como se recolle en varias sentenzas non figuraba en ningún punto a supresión dos soldos do Alcalde e do Tenente

de Alcalde, e que o Alcalde - en referencia ao Sr.Pérez Vacas- poido suspender o Pleno pero non o fixo por ben da Institución e en cuarto lugar que a proposta da Alcaldía lle da lástima e carraxe despois de escoitalo ao remate do Pleno no que se suprimiron os soldos, sobre todo, tendo en conta as súas afirmacións sobre as persoas que adoptaron o acordo, e que por eses catro puntos que debatirán mais no Pleno anuncia o voto a favor da petición de revisión de oficio formulada polo Sr.Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista.

O Sr.Rivas Alvarez, de UPRI, manifesta que non formaba parte da Corporación, pero que leu o informe de Secretaría e tamén leu que nese informe se sinalaba que existira informe de Intervención., e pregunta se existe.

A Sra. Interventora , pide intervir ao Sr.Alcalde e manifesta que non tivo lugar o informe por escrito, pero que informa verbalmente que en relación ao aspecto económico de que exista ou non consignación presupostaria adecuada e dabondo, dí que non existe e que á Intervención non lle competen os aspectos xurídicos da cuestión, pero mentres non se demostre o contrario, o acordo é valido aos seus efectos, e o dí co coñecemento que hoxe ten da cuestión.

O Sr. Duarte Díaz, do Grupo Municipal do Partido Popular, manifesta que se reservan para o Pleno e o Sr.Alcalde como Grupo proponente manifesta que non se poden reservar e procede a ler, en síntese, a súa proposta que se transcribe de seguido.

“ Pola Alcaldía-Presidencia á vista da petición de 19 de xullo de 2008 formulada por don Balbino Pérez Vacas de revisión de oficio do acordo plenario de 24 de abril de 2007 de supresión de soldos dos membros da Corporación que naquel momento ostentaban a adicación exclusiva.

Visto o disposto nos artigos 102 e107 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das AA.PP. e do Procedemento administrativo Común.

Visto o informe de Secretaría e considerando que nembargantes carece manifestamente de fundamento a petición de revisión formulada por terse consentido o acordo sen recorrerse e resultando extemporánea a petición, atendidas as circunstancias de tempo e lugar, e ademais respondendo a solicitude de revisión a unha mera cuestión de oportunidade política que para nada ten que ver co interese público.

PROPOÑO ao Pleno municipal a adopción dun acordo de inadmisión a trámite da referida petición por considerar que polo transcurso do tempo é improcedente a revisión solicitada.”

Por parte do Sr.Alcalde se sinala tamén que leu o informe de Secretaría e o valorou todo pero que non van entrar no fondo, senon na forma, e que lles parece extemporánea a petición e fora de lugar e que non vai dicir mais ata o Pleno.

De seguido, a proposta da Alcaldía, obtén dous votos a favor (dos dous membros do Grupo do BNG) e dous en contra (dos membros do Grupo Municipal Socialista) e tres abstencións (dos membros dos Grupos municipais do Partido Popular e de UPRI) e téndose producido empate é resolto polo voto de calidade do Sr.Alcalde propoñéndose ao Pleno municipal a adopción do acordo seguinte:

A adopción dun acordo de inadmisión a trámite da referida petición por considerar que polo transcurso do tempo é improcedente a revisión solicitada.”

Intervén en primeiro lugar o Sr.Rivas Alvarez, do Grupo Municipal de UPRI que manifesta que non formaban parte como Grupo da Corporación cando se tratou este asunto, pero que lles chama a atención que hai unha proposta da Alcaldía que é dun acordo de inadmisión a trámite aínda que naquel Pleno votou en contra (en referencia ao Sr.Suárez Barcia). Refírese a continuación o Sr.Rivas Alvarez á argumentacións que se efectuaron naquela sesión

mencionando que decían que era un “trágala” así como outras que se referían a Sra. Concelleira de Cultura, dicindo que non sabían se era mais demagóxica que o seu Xefe de filas e que para superalo en demagogia fai falla valor, e fai referencia a outras argumentacións expostas, sinalando que non sabe se hoxe o Sr. Suárez Barcia vai votar en contra, pero que o seu Grupo (en referencia ao Grupo de UPRI) como non estaba naquela sesión non deben entrar nun tema que non lles compete para nada e vanse abster e considera que non debían resolverse deste xeito e que van acabar no Xulgado.

Intervén a continuación o Sr. Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista, que manifesta que quere pola súa parte dar unha serie de explicacións respecto do porque e do momento en que se fixo isto; que se inicia por un escrito que manda redactar o seu avogado no mes de xullo deste ano, e que hoxe cómprese 3 meses dende que o presentou e que entendeu que como decidiu facer o escrito, quería que se debatira e non que se furtara o debate da Corporación; que considera que do que entendía agora e daquela, cre que o acordo plenario é nulo como pretende demostrar, e e que foi necesario presentar outro escrito o 14 de outubro para que viñera ao Pleno, e que termine donde teña que terminar, e corra a sorte que lle corresponda.

Prosegue o Sr. Pérez Vacas, manifestando que vai falar do mesmo que falou daquela cando se adoptou un acordo cos votos do Partido Popular e dun Concelleiro que se presento nas filas do PSOE, e era un punto que non estaba na Orde do día, e así o manifestou no Pleno e o segue manifestando; que agora ten diante o informe dos servizos xurídicos do Concello e que daquela aínda que estaba feito non o poido presentar por razóns obvias que coñece perfectamente o Sr. Suárez Barcia, e que non se presentou por razóns que coñece; manifesta tamén o Sr. Pérez Vacas que cre que no informe está o asunto claro, e á xurisprudencia que se menciona, e que é de xustiza e que pretende rebatir pola súa parte un pouco a folla de proposta da Alcaldía, polo que dí, xa que considera que ten fundamento de sobra e sentido a súa petición.

Fai igualmente o Sr. Pérez Vacas referencia a que a política leva a estas situacións e a ter os compañeiros de viaxe dos que dispón o Sr. Alcalde e que pola súa parte considera, e xa o dixo daquela, que o Pleno é nulo porque o asunto estaba fora da Orde do día e quere facer valer os seus dereitos e se non se recolle a petición, recorrerá a donde considere oportuno nun estado de dereito para que se repoñan os dereitos que considera ilegalmente lle foron retirados.

Intervén a continuación o Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, que manifesta que xa anunciaron de principio que van apoiar a proposta da Alcaldía porque foron os propoñentes da eliminación dos soldos e saíu adiante, e que non encontran ningunha razón para que isto cambie, tampouco cambiaron as circunstancias; que dende o seu punto de vista non se estaba facendo absolutamente nada por parte do Alcalde e do Tenente de Alcalde, e o lóxico é que se non se traballa non se cobre e xa naquel momento o dixeron e o voltou a dicir en xullo cando se enterou do escrito ( do Sr. Pérez Vacas), e que o lóxico cando sucede unha cousa destas é que un volte a traballar e punto, e ( en referencia ao Sr. Suárez Barcia) o Alcalde antes Tenente de Alcalde volveu ao seu posto e punto, e non perdeu absolutamente nada.

Que ademais considera que parece que quen estaba no Pleno era xente allea aos que están aquí, pero o reclamante era o Alcalde naquel momento e o Técnico Xurídico o mesmo que os que están aquí e que non lle vale que lle digan que por prudencia e democracia se deixou discutir e aprobar, e que as cousas que non son legais, non son legais, e que a democracia non é iso, e se é ilegal non pode saír adiante, hai que cortalo e dicir que non corresponde, e iso non se fixo naquel momento e que tampouco tiveron ningunha advertencia de ilegalidade do que se estaba debatindo e o acordo saíu adiante, cos votos dabondo, e que agora 15 meses despois se pretenda dicir que é algo nulo de pleno dereito, de algo sobre o que no seu momento non se alegou absolutamente nada, probablemente nun Tribunal ao mellor se gaña pero lles parece disparatado, e que unha defensa mínimamente coherente dos acordos non

hai quen os tire; que considera que se se houbera suspendido o Pleno ou feito advertencia de ilegalidade, pero que se apele quince meses despois lle parece disparatado, sen ter coñecemento das leis e que cre que a súa exposición é clara para non necesitar mais, e que considera que estaba ben feito e feito está.

Intervén a continuación o Sr. Castro Reigosa, do Grupo municipal do BNG, que manifesta que a postura do BNG nin no razoamento, nin na cuestión de fondo ten nada que ver coa postura do Partido Popular e que, se no seu momento o acordo foi nulo ou se considerase como nulo, como esgrime o proponente, o Sr. Pérez Vacas poido anulalo pero non se consideraba politicamente oportuno.

Refírese o Sr. Castro Reigosa á intervención do Sr. López Pérez na Comisión sobre as cousas que se dixeron despois do Pleno, reiterando que non se considerou politicamente oportuno recorrer, pero era mais oportuno ir de mártires e o Tenente de Alcalde ( en referencia ao Sr. Suárez Barcia) se incorporou ao seu traballo e o Alcalde ( o Sr. Pérez Vacas) o que debera facer non o fixo e mentres o Tenente de Alcalde traballaba no Concello de Vegadeo o Sr. Pérez Vacas estaba facendo as súas labores no Concello; que se a política leva a esta situación é porque o buscan pero non o busca o Grupo do BNG, e quere aclarar que non votan, neste caso, en contra da situación anterior, daquel momento, senon que non admiten a trámite a petición simplemente e non se contradín; que consideran correcto o que votaron naquel momento pero hoxe é menos oportuno coa situación económica do Concello e reitera que non ten nada que ver se naquel momento non era oportuno hoxe tampouco.

Intervén o Sr. Pérez Vacas, que pola súa parte manifesta, en tono irónico, que quere felicitar ao Sr. Castro Reigosa polo exercicio de brillante literatura para dicir “sí que non “ e que xa advertiu naquel momento que era nulo de pleno dereito e o PP foi requerido con anterioridade á sesión para que explicara os puntos da Orde do día; que respecto á conveniencia política non foi de quen está falando ( en relación a sí mesmo) senon do Grupo de goberno que correspondía ao PSOE e BNG , e foi requerido o hoxe Alcalde para facer o informe que estaba elaborado por Secretaría para presentalo ás 48 horas de celebrado o Pleno sobre o que se está tratando aquí, que tiña que vir ao Pleno, e que as cuestións de porqué non se fixo as sabe quen era o Primeiro Tenente de Alcalde ( en relación ao Sr. Alcalde actual).

Intervén de novo o Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, que dí que respecto a esa segunda parte, como comprenderá, (dirixíndose ao Sr. Pérez Vacas) non estaban no goberno e non sabe de ningún escrito, nin veu a Pleno, nin houbo ningunha reclamación a través de ningún escrito, e é inexistente a todolos efectos e o Sr. Pérez Vacas poido dar a súa opinión, pero respecto a que efectos surtiu, foi cero, que tiña que parar iso, e tomouse o acordo, a acta aprobouse noutro Pleno e o Sr. Pérez Vacas opinou o que lle pareceu, e a realidade xurídica é que o acordo está ahí e agora está tratando de impugnar ese acordo e era naquel momento, e non agora, e que é o que entende.

Intervén o Sr. Alcalde que lle dí ao Sr. Pérez Vacas que considera debatido o asunto e se pode votar, pero como en dúas ocasións se dirixiu a él e lle dí que por razóns obvias, e se volta a incidir niso, lle gustaría que llo explique públicamente.

Por parte do Sr. Pérez Vacas se dí que non tiña o Sr. Suárez Barcia ningunha vontade de traer ese informe ao Pleno, e o Sr. Alcalde pola súa parte lle dí que quería chegar ahí, que non ten nada que ocultar , e que non era un informe, que era unha proposta de recurso individual para o Alcalde e o Tenente de Alcalde e que non lle deu a gaña de firmar , por razóns diametralmente opostas ás que sinala o Partido Popular non aceptaron naquel momento aquela “sentenza de decapitación dos salarios”, pero xa que llos quixeron sacar, preferiron agardar ao ditame dos veciños un mes e pico despois, nas eleccións, e que puxeron a cada un no seu sitio.

Prosegue sinalando o Sr.Suárez Barcia, que de todas as maneiras lle parece que non se axusta á verdade iso de que como o Sr.Suárez Barcia non quixo asinar tampouco o Sr.Pérez Vacas, cando son actos puramente individuais, dunha persoa, e que lle gustaría que noutros momentos o Sr.Pérez Vacas lle tivera feito caso e non que agora diga que se deixa levar como que o Sr.Suárez Barcia lle dixo que non.

O Sr.Alcalde, en tono irónico, tamén lle dí ao Sr.Pérez Vacas, que qué influencia tiña para moitas cousas e que pouca para outras, e que entón a actitude era estrictamente persoal de cada un, e no seu caso, sen entrar no fondo do debate, non o considerou oportuno, e que para todo o demais se remite ao que defendeu o portavoz do BNG.

O Sr.Pérez Vacas, pola súa parte, dí que quere facer unha última intervención con relación á incorporación do hoxe Alcalde ao seu traballo naquel momento, e que non puido dicir anteriormente e que o Sr.Suárez Barcia pertence á Administración e o Concelleiro no uso da palabra pertencía a unha empresa privada á que solicitou o ingreso e na mesma se lle contestou que lle retiraran o soldo pero non a adicación exclusiva, e por conseguinte non se podía incorporar ata que rematara a adicación exclusiva, e o dí para que se saiba, e non sabe se figura o mesmo na empresa privada que na Administración.

A continuación o Sr.Pérez Vacas, en nome do seu Grupo, procede a efectuar una petición de votación nominal.

Toda vez que por parte da Alcaldía así se interesa por Secretaría se explica a diferenza entre a votación ordinaria e a nominal e a necesidade dun acordo para levar a cabo a votación nominal.

Por parte do Sr.Alcalde se lle pregunta ao Sr.Pérez Vacas pola razón da votación nominal e o Sr.Pérez Vacas manifesta que quere que se efectúe a través dunha votación deste tipo.

Iníciase deliberación entre os diferentes Grupos da Corporación preguntando o Sr.Alcalde a opinión de cada un deles, non manifestándose oposición por parte de ningún.

Por parte do Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, se pregunta ao Secretario da Corporación a través da Alcaldía se existe diferenza a efectos legais de responsabilidade, contestándose por Secretaría que é indiferente, se ben a única diferenza está en que na votación nominal se identifica persoalmente aos concelleiros, e na ordinaria, de requirirse xudicialmente, tería que ser o fedatario a través da acta quen identificara aos membros de cada Grupo, presentes, e o sentido do seu voto, se ben entende que a efectos xudiciais é indiferente.

De seguido polo Pleno municipal decídese, por unanimidade, a votación nominal, tras unha interrupción dunhos breves minutos, e que arroxa o seguinte resultado:

Votan a favor do ditame da Comisión e subseguintemente da proposta da Alcaldía de inadmisión a trámite da petición de revisión de oficio formulada polo Sr.Pérez Vacas os Señores Concelleiros e Concelleiras seguintes:

Dona Mari Luz Alvarez Lastra (BNG), D. Vicente Castro Reigosa (BNG), D. Horacio Cupeiro Rodríguez (BNG), don José Duarte Díaz (PP), D. Jesús López Penabad (PP), D. José Carlos Rodríguez Andina (PP), Dona Begoña Sanjurjo Santar (PP), e don Fernando Suárez Barcia (BNG).

Votan en contra: D. Ramón López Pérez (PSOE) e don Balbino Pérez Vacas (PSOE).

Abstéñense: D. Agustín Reymondez Gancedo (UPRI) e don Francisco Rivas Alvarez (UPRI).

En consecuencia, polo Pleno municipal, de conformidade coa proposta da Alcaldía e do ditame da Comisión informativa, e con motivación na mesma, apróbase a inadmisión a trámite da referida petición de revisión de oficio promovida por D. Balbino Pérez Vacas, do acordo plenario de 24 de abril de 2007, por considerar que polo transcurso do tempo é improcedente a revisión solicitada.

**2008/03/73.- RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDIA ADOPTADA POR RAZÓNS DE URXENCIA , DE INTEGRACIÓN DO CONCELLO DE RIBADEO, NO GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL PARA A COMARCA DE A MARIÑA , E DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS TITULAR E SUPLENTE.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe de seguido:

“Dase conta da Resolución da Alcaldía adoptada por razóns de urxencia de 14 de outubro de 2008 que se transcribe de seguido:

**“RESOLUCION DA ALCALDIA**

Pola Alcaldía-Presidencia á vista da petición de acordo municipal en relación ao Grupo de Desenvolvemento Rural para a Comarca de A Mariña (GDR 1) apreciando razóns de urxencia para a adopción do acordo correspondente de conformidade coa previsión contida no artigo 21.1 j) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local,

**RESOLVO:**

1º. Solicitar a integración do Concello de Ribadeo no Grupo de Desenvolvemento Rural para a Comarca de A Mariña, GDR 1.

2º. Designar como representante da Entidade a D. Fernando Suárez Barcia, Alcalde-Presidente do Concello con DNI 77594115-G.

3º. Designar como suplente de representante da Entidade ante o GDR 1, a dona Mari Luz Alvarez Lastra, Primeira Tenente de Alcalde, con DNI 77592455-T

4º. A dación de conta ao primeiro Pleno que se celebre para a ratificación desta Resolución.”

Iníciase a deliberación manifestando en primeiro lugar o Sr.Rivas Alvarez , do Grupo Municipal de UPRI, que se vai reservar para o Pleno.

Por parte do Sr.López Pérez do Grupo Municipal Socialista, pregunta se hai algo tal como Estatutos, fíns, etc. xa que non hai nada no expediente.

Por parte do Sr.Alcalde se manifesta que non ten problema en explicalo e se quere lle facilita unha copia desa documentación e o Sr.López Pérez repite que o normal é que se saiba todo iso.

Por parte do Sr.Alcalde se manifesta ao Sr.López Pérez que está aplicando bastante demagogia e o Sr.López Pérez lle contesta que cando os ventos non son ao seu favor é demagogia , e o Sr.Alcalde lle replica á súa vez que pode facer o que considere necesario, e

lle explica que hai un modelo novo que xa non é interautonómico, senon coa Mariña, como territorio Leader, por unhas directrices da Unión Europea nas que as diferentes Entidades participan nunha proporción do 51 % para o privado e un 49% para o público, e que os Concellos conviven en igualdade coas Asociacións e como todos os que quixeron tiveron que designar un representante para a Asamblea constituinte, e designouse ao Alcalde e foi unha persoa no nome do Concello, pero facía falta unha certificación e o Pleno pode determinar que sexa unha persoa concreta, e que asimesmo cre que é o momento de dicir a proposta, en vez de divagar sobre os beneficios ou conveniencias, dicir se se estima ou se alguen quere ser representante do Concello no Leader.

O Sr.López Pérez, do PSOE, reitera que quere saber e que cando se aprobou o Plan Leader anterior, había documentación,que califica informalmente de “un mamotreto” e que diste non se sabe absolutamente nada, e que é estupendo que se participe pero que debería estar unha documentación sobre elo, considerando que si o Sr.Suárez Barcia estivese na oposición diría as mesmas palabras.

O Sr.Alcalde fai referencia a que estivo vendo antecedentes doutro asunto e cando o Concello se mete nunha Sociedade Turística, tampouco consta nada, aínda que o Alcalde actual(en referencia a sí mesmo)participou en xuntanzas da mesma.

Intervén o Sr.López Pérez, que dí ao Sr.Alcalde que daquela estaba de “segundo de abordo”, aludindo a que era o Primeiro Tenente de Alcalde e que non o exime de responsabilidade. Deliberase entre ambos sobre esta cuestión.

Intervén o Sr.Duarte Díaz do Grupo Municipal Popular que pregunta porqué se nomeu a dúas persoas do mesmo Grupo,pero que no Pleno pode haber un xeito de negociar ou de falar e poden cambiar o seu criterio, pero de momento por ese solo motivo de que son dúas persoas do mesmo grupo político van votar en contra. e sinala que se a proposta é así o Grupo Municipal Popular no Pleno, vai votar en contra.

O Sr.Alcalde, pola súa parte dí que é unha proposta da Alcaldía, pero que, como totalas preopostas veñen ó organo de debate para que se debatan.

De seguido pasada a votación a ratificación da Resolución da Alcaldía obtén dous votos a favor (dos dous concelleiros do Grupo Municipal do BNG) e dous en contra (dos concelleiros do Grupo Municipal Popular) e tres abstencións (dos membros dos Grupos Municipais Socialista e de UPRI), Toda vez que se produce empate, é resolto polo voto de calidade do Presidente, propoñéndose ao Pleno municipal a adopción do acordo de ratificación da Resolución da Alcaldía antecitada de 14 de outubro de 2008, nos propios termos da mesma.”

Iníciase deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr. Reymondez Gancedo, do Grupo Municipal de UPRI que manifesta que a proposta do seu Grupo neste asunto é que os representantes sexan os portavoces dos Grupos maioritarios da Corporación alternándose na presidencia, un ano un e outro ano outro.

Por parte do Sr.Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista, se pregunta se se trata de dúas partes e se se poden votar cada unha das dúas ou conxuntamente.

Por parte de Secretaría toda vez que se promove deliberación maniféstase que o que se somete a votación é a proposta da Alcaldía e agás que polo Alcalde se admita outra cousa o único que se debería votar á a súa proposta posto que ninguén fixo uso do dereito de enmenda ou voto particular e que se non entran de novo na figura de fora da Orde do día, e que se o Sr.Alcalde admite a modificación da proposta e pasa a votación algo distinto do que foi a Comisión informativa é unha decisión del.

O Sr.Rivas Alvarez, de UPRI, pola súa parte replica que se reservaron para o Pleno e que o Sr.Reymondez Gancedo non estaba na Comisión e que considera que pode facer unha proposta alternativa.



Por Secretaría se reitera que o ROF (Real Decreto 2568/1986, de Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais), establece dúas posibilidades, a primeira a da reserva de voto pero dende o día seguinte ao ditame da Comisión ten que estar esa proposta alternativa en poder dos servizos da Corporación, e a segunda posibilidade é ao iniciarse o tratamento do asunto por escrito formulando unha proposta de enmenda ao ditame da Comisión informativa.

Por parte do Alcalde se sinala que tamén él mesmo foi no seu momento “víctima” do ROF, e que polo tanto entende que non procede.

Por Secretaría dase lectura ao disposto no artigo 97.4 e 5 do ROF na súa literalidade.

O Sr.Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista, intervén manifestando que xa na Comisión informativa do xoves expresaron a súa opinión, e que únicamente quería saber se todo o punto vai unido e se o voto é a proposta da Alcaldía no seu conxunto, e que pola súa parte o teñen claro para pasar a votación cando corresponda.

Intervén a continuación o Sr.Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, que afirma que xa advertiron respecto a esta proposta que ían votar en contra e pola súa parte se acolle ao dito por Secretaría e que existe toda esa normativa e que é potestativo da Alcaldía aceptar unha proposta, e que como xa anunciou o seu Grupo, non é unha novidade, que ían votar en contra se os dous eran representantes do Grupo de goberno e que a súa proposta é que se faga como o resto das instancias donde están representados e que esté un representante do Grupo de goberno e despois o suplente que lle corresponda ao Grupo Popular, e que ademais o nome proposto sería o do Sr.López Penabad.

Por parte do Sr.Pérez Vacas se manifesta que iso non pode ser, e se delibera por parte de varios Concelleiros sobre estes extremos.

Por Secretaría se manifesta que o que non pode obrigar o Pleno é ao propoñente a cambiar a súa proposta, pero pode él modificala, seguindo regras análogas ás parlamentarias.

Procédese a deliberar por varios Concelleiros sobre este asunto.

Intervén a continuación o Sr.Alcalde que manifesta que na súa proposta o que pretende o Grupo de Desenvolvemento Rural é que haxa un titular e un suplente e propuxeron como titular ao Alcalde e como suplente ao Primeiro Tenente de Alcalde , aínda que entende o que lle propoñen, pero o Alcalde non foi elixido para a directiva e poucas veces irá, para a asemblea anual e pouco mais, e polo tanto o suplente menos, e polo tanto non é unha cousa que se vaia utilizar en demasía, e que é verdade que tampouco hai ningunha cuestión atábica para aceptar que a suplencia sexa doutra formación política, e hai antecedentes nesta Corporación e vai manter a súa proposta que non é arriscada, que sexa o Alcalde quen represente no Leader e que sea suplido pola primeira Tenente de Alcalde, e polo tanto propón o asunto tal como está.

Pasado a votación obtén catro votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG) e oito votos en contra (dos membros presentes dos Grupos municipais do Partido Popular, PSG-PSOE e UPRI), non ratificándose polo tanto a Resolución da Alcaldía que se ten transcrito.

#### **2008/04/74. ADOPCIÓN DE ACORDOS SOLICITADOS POLA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE PARA EXECUCIÓN DA OBRA DE DOTACIÓN DE SERVIZO DE SANEAMENTO NA ZONA DE PIÑEIRA,RIBADEO.**

Dase conta por Secretaría do Dictame da Comisión Informativa que se transcribe de seguido:

“Por parte do Sr.Alcalde se explica que esta obra forma parte das ramificacións e que a execución dos diversos ramais do tramo principal vai levar unha tardanza de anos e de meses ; que foi unha oportunidade que houbo de incluíla nos programas de Augas de Galicia e que polo custo non podía exceder de 200.000 euros e que non se escolleu por nada en particular e podería ter sido de calquera dos territorios.

O Sr.Pérez Vacas formula a pregunta de canto concedeu a Xunta de Galicia contestándose polo Sr.Alcalde que segundo o oficio recibido considera que vai acadar o cento por cento do importe da actuación, pero que non houbo unha comunicación oral dunha contía concreta e que o custo do proxecto foi determinado polo arquitecto municipal.

Por parte do Sr.Alcalde se procede a ler ante a Comisión os elementos da petición de acordo que formula Augas de Galicia, que son os habituais para este tipo de obras.

Por parte do Sr.Pérez Vacas se pregunta se para a execución da obra hai que expropiar ou se é todo terreo público, e o Sr.Rivas Alvarez, de UPRI, pregunta que pasa se dan o 60 %.

Por parte do Sr.Alcalde contéstase á primeira das preguntas , sendo asentido polo técnico municipal presente, que transcorre por terreos públicos e respecto á segunda pregunta reitera que segundo o escrito considera que financiarán o cento por cento da obra.

De seguido pola Comisión Informativa por unanimidade en votación ordinaria acórdase ditaminar como proposta para o Pleno, á vista do escrito recibido da Administración Hidráulica de Galicia, da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a adopción dos acordos seguintes:

1º. A conformidade ao proxecto da obra de “Dotación de Servizo de Saneamento na zona de Piñeira, Ribadeo (Lugo)” de clave OH327.536, cun presuposto de 199.962,30 euros.

2º. O compromiso da posta a disposición da Administración Hidráulica de Galicia dos terreos e auga necesarios, libres de cargas e gravames , para a normal execución das obras.

3º. O compromiso de entrega das autorizacións e permisos administrativos necesarios para a realización das obras.

4º. A renuncia expresa á retención de calquera tipo de taxa , licenza, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.

5º. O compromiso de asumir a explotación , mantemento, e conservación das obras, unha vez decepcionadas pola Administración Hidráulica e entregadas por ésta ao Concello, e de efectuar os traballos ordeados pola Inspección facultativa despois da súa execución.

6º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

Iniciase unha breve deliberación na que por parte do Sr.Rivas Alvarez, do Grupo Municipal de UPRI se manifesta a favor , igualmente o Sr.Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista e o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular.

O Sr.Castro Reigosa do Grupo municipal do BNG, fai referencia a que respecto á exención das taxas, como noutras ocasións, poden cargar estas taxas aos contratistas das obras.

Por parte de Secretaría toda vez que se promove deliberación se manifiesta que as propostas de acordo son exactamente iguais ás que se viñeron adoptando pola Corporación, e que a partir de ahí, o que se somete ao Pleno é a proposta da Alcaldía.

Por parte do Sr. Alcalde se sinala que son supostos taxados dende a Consellería de Medio Ambiente, e o Sr. Castro Reigosa volta intervir manifestando que se refire á licenza de obras.

Por parte da Sra. Interventora da Corporación se manifiesta que quere matizar que as exencións por moito que a Xunta as pida veñen dadas pola lei e a exención dunha taxa, imposto ou prestación tributaria ven dada pola lei, e que sabe que existe a costume por parte da Xunta de pedir esas exencións e tamén sabe de casos doutros Concellos que finalmente cobraron se era procedente taxas ou impostor locais , no seu caso.

Por parte do Sr. Alcalde se dí que despois, se é o caso, o revisarán, pero que agora vai ir tal como está instruído o expediente, e que agarda que concedan a obra.

De seguido polo Pleno municipal, por unanimidade, en votación ordinaria, tras da deliberación, a vista do escrito recibido da Administración Hidráulica de Galicia, da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, adóptanse os acordos seguintes:

1º. A conformidade ao proxecto da obra de “Dotación de Servizo de Saneamento na zona de Piñeira, Ribadeo (Lugo)” de clave OH327.536, cun presuposto de 199.962,30 euros.

2º. O compromiso da posta a disposición da Administración Hidráulica de Galicia dos terreos e auga necesarios, libres de cargas e gravames , para a normal execución das obras.

3º. O compromiso de entrega das autorizacións e permisos administrativos necesarios para a realización das obras.

4º. A renuncia expresa á retención de calquera tipo de taxa , licenza, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.

5º. O compromiso de asumir a explotación , mantemento, e conservación das obras, unha vez decepcionadas pola Administración Hidráulica e entregadas por ésta ao Concello, e de efectuar os traballos ordeados pola Inspeccion facultativa despois da súa execución.

6º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fín dos acordos adoptados.

E sen mais asuntos que tratar sendo as vinteunha horas levantase a sesión, estendéndose a presente acta, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,